

## PROBLEMAS DA TRADUCCIÓN POÉTICA: O EXEMPLO DE RAMÓN CABANILLAS

ANDRÉS POCIÑA

O problema da versión de textos literarios é tan vello como a literatura, e non penso que sexa doado aportar luces novas para engadirlle claridade. Daquela, méteme directamente na cerna do asunto, recordando que hai dous tipos de escrita literaria que presentan dificultades especiais e, polo tanto, resultan máis comprometidos: son o teatro e a poesía. Falando das traducións do teatro, e referíndome especialmente ós teatros clásicos grego e latino, eu teño dito moitas veces<sup>1</sup> que unha boa tradución filolóxica pode ser un desastre terrible levada á escena, porque unha cousa é ser filólogo e outra distinta dramaturgo: un monólogo, un diálogo, poden quedar vertidos dunha lingua a outra *con perfecta exactitude, sen cambiar un til no contido e significado*, e, sen embargo, o resultado ó mellor é dramaticamente impracticable. Naturalmente, como saben moi ben as xentes de teatro, esto ten solución, porque un texto dramático pódese refacer ou adaptar, por parte da dirección ou por parte dos intérpretes, e non pasa nada, a condición de facelo ben. No eido da poesía, en cambio, os problemas son máis en número e máis grandes. É moi fácil dicir sinxelamente que a poesía non é traducible, e pasar a outra cousa; sen embargo, a realidade é que temos que traducir poesía, porque as linguas son moitas e moi diferentes. Mais a verdade é esa: moitas veces a poesía resulta absolutamente intraducible. Contarei dúas

experiencias miñas, no campo de interese que aquí nos ocupa:

Cando fixemos as traducións de poesía grega actual que están no libro *Poesía grega do século XX*<sup>2</sup>, os dous autores das versións, Mosjos Morfakidis e mais eu, tivemos que manexar moreas de poemas gregos: nunha primeira escolla, buscabamos poesías de entre trinta e corenta dos mellores poetas do noso século, deixándonos levar soamente polo placer estético que achabamos nelas; pero despois, cando pasabamos á realidade material da tradución, moitas tiñan que seren rexeitadas, e moi a miúdo eran as que máis nos gustaran no momento da selección primeira. Había poemas que tiñan unha musicalidade propia, que non achabamos modo de reproducir; habíaos que xogaban co valor propio e intrínseco das palabras dunha lingua de case tres mil anos de cultivo literario, e ese xogo quedaba borrado na versión; habíaos que se referían a elementos históricos ou normais na vida grega que probablemente non ía coñecer o público galego, e nós tiñamos como principio non pór notas, que nunha tradución son moitas veces a máscara da incapacidade de quen a fai; habíaos con esquemas métricos ou estróficos que non conseguíamos reflexar, e xa se sabe que a poesía non se pode traducir a prosa, por moito que haxa quen pense o contrario... Daquela, como era unha «Antoloxía» o que estabamos a facer, foron moitas as dúcias dos poemas que cambiamos, por veces con moita pena, porque tiñamos que deixar cousas moi fermosas por outras que quizais non o eran tanto. Pero claro, eso é xogar con trampa, porque non sempre se ten a posibilidade de traducir escolmas feitas por un mesmo...

<sup>1</sup> Sobre aspectos da tradución de obras teatrais tratei principalmente nos artigos «Problemas de tradución y adaptación de la comedia latina», *Florentia Iliberritana* 3 (1992) 517-539, e «Traducciones filológicas y teatrales de la comedia grecolatina», en A.-L. Pujante e K. Gregor (eds.), *Teatro clásico en traducción: texto, representación, recepción*, Murcia, Universidad, 1996, pp. 39-55 (os dous traballos poden atoparse agora no libro de A. López - A. Pociña, *Estudios sobre comedia romana*, Frankfurt, Peter Lang, 2000).

<sup>2</sup> Mosjos Morfakidis - Andrés Pociña, *Poesía grega do século XX. Estudio xeral e antoloxía bilingüe*, Ilustracións de Andrés X. Pociña, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.

A outra experiencia, neste caso do galego ó neogrego, consiste nun traballo que, se os fados nos deixan, remataremos axiña: trátase da xa moitas veces anunciada *Antoloxía de Rosalía de Castro*, feita por Aurora López, Mosjos Morfakidis e mais eu. Levamos cinco anos a facela. Os problemas son os mesmos que no caso anterior, máis algún outro engadido. Evidentemente, nunha tradución sen notas (cousa que non nos vén imposta polo editor, senón por nós mesmos) hai moitos poemas de Rosalía con contidos propios da realidade galega que fan quedar moi escuros ou mesmo irremediabilmente inintelixibles. Por suposto, non imos traducir en prosa, de xeito que optamos por versos libres: é doado supor o que esto implica de «traición» á poética rosaliana, na que ten tanta importancia a métrica e a rima. Emporiso, non rematan aí as dificultades: hai que contar coas peculiares do galego, e refírome neste caso ó feito de non termos un diccionario entre as linguas grega e galega, igual que non os hai para linguas moito máis cercanas a nós. Ese é un problema que non podemos esquecer, porque se xa resulta difícil ter que moverse cunha lingua de saída e outra de entrada para facer unha versión, a cousa complícase ata o infinito cando hai que engadir unha terceira lingua que sirva de ponte entre elas. A este propósito, vou dicir algo que me parece fundamental: no ano 1993, no Congreso sobre «Tradición, actualidade e futuro do galego», celebrado en Tréveris, Camino Noia falou da situación actual das traducións de linguas modernas ó galego, eu fixeno sobre as traducións das linguas clásicas<sup>3</sup>; estabamos ela e eu de acordo en que non teremos un desenrolo aceptable da cultura galega ata conseguir un *corpus* axeitado das obras mestras das literaturas clásicas e modernas traducido á nosa lingua, cousa que ninguén pode dubidar. Hoxe atrévome a engadir que para atinxir ese *desideratum* será preciso ter tamén unha dúcia de dicionarios do galego a outras linguas, e delas ó galego. No campo da defensa da cultura galega cómpre un certo maximalismo, e dende logo máis traballo e menos lamentos, que xa cansan.

Unha cousa fundamental para ser un bo traductor ou unha boa traductora de obras en verso está sen dúbida en sentir a poesía, ou mellor aínda, en

ser poeta. Imos ver os resultados, con dous exemplos estupendos: doutra lingua ó galego, a min marabíllanme as traducións do *Cancioneiro* de Petrarca<sup>4</sup> e da *Divina comedia* de Dante<sup>5</sup> dun poeta tan xustamente famoso como é Darío Xohán Cabana; e falo con absoluta obxectividade, pois non coñezo personalmente a este traductor-poeta; do galego a outra lingua, na prestixiosa revista ateniense *Efthyni* saíron non fai moito tempo (núm. 308, agosto de 1997) as versións ó grego moderno dos poemas de Rosalía «D'aquelas que cantan as pombas e as frores», «Unha vez tiveren un cravo» e «Cando penso que te fuches», realizadas polo gran hispanista e poeta helénico Kóstas Tsirópulos<sup>6</sup>; eu teño que dicir aquí con moito orgullo que esa tradución de tres poemas foi feita para ilustrar un pequeno artigo meu para presentar a Rosalía na revista devandita, pero conseguir que a versión dos poemas da nosa meirande poeta fose obra dun dos mellores escritores gregos actuais é case un milagre: o resultado é precioso. Pero hai que fixarse en que estou a falar de tres poemas de Rosalía escolmados, tres dos poemas máis universais da autora, e traducidos, insisto, por un home que entende perfectamente os orixinais, e que é excelente prosista e poeta na lingua de entrada.

É precisamente o que pasa no caso dun dos nosos mellores tradutores de tempos pasados, pero aínda modelo para imitar no presente: refírome a Ramón Cabanillas (Fefiñáns, 1876 - Cambados, 1959). O mellor das súas versións áchase nun libro publicado só catro anos antes do seu pasamento, o titulado *Versos de alleas terras e de tempos idos*<sup>7</sup>, e despois recollidos nas *Obras completas* do poeta, xa dende as publicadas por Ediciones Galicia de Bos Aires xusto ós poucos días do pasamento de Ramón Cabanillas. O interese que o poeta tiña pola versión ó galego da poesía escrita noutras linguas, clásicas ou modernas, queda probado nese libro, onde achamos unha boa selección do que Cabanillas chamaba «paráfrasis» de poetas gregos e latinos: Safo, sobre todo Anacreonte, Meleagro, Marcial sobre todo, Ovidio, Estacio, Tibulo, etc.; a carón deles, mostramos dos grandes da

<sup>4</sup> Pontevedra, Xunta de Galicia, 1989.

<sup>5</sup> Vigo, Xunta de Galicia, 1990.

<sup>6</sup> Dou noticia máis precisa destas versións no pequeno artigo «Rosalía en grego moderno», *Viceversa* 3 (1997) 165-166, onde copio a preciosa tradución grega de «Cando penso que te fuches» realizada por Kóstas E. Tsirópulos.

<sup>7</sup> Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, 1955.

<sup>3</sup> Non se publicaron actas do Congreso, pero unha adaptación da miña intervención pode acharse no artigo «Tradución das linguas clásicas ó galego», *Viceversa* 3 (1997) 33-43.

poesía do mundo enteiro, dende Goethe a Carducci, pasando por Byron, Baudelaire, Cristina Rossetti, e tantos outros e outras; a lista amplíase aínda coas versións inéditas que sacou a Revista *Grial* en 1976,<sup>8</sup> no fascículo adicado á conmemoración do centenario do nacemento do poeta.

Cabanillas foi, ó meu ver, un traductor excepcional, cualificativo que penso que debo xustificar. Por traducción excepcional de poesía eu entendo aquela que transmita os mesmos contidos do orixinal, pero tamén o mesmo deleite estético; conformarse con reproducir os contidos, como tantas versións dos clásicos que se fan en España en prosa, é deixar de lado un dos aspectos máis importantes da poesía, precisamente aquel que diferencia o verso da prosa. Cabanillas sempre traduce en verso, e faino meténdose na pel do poeta. Isto que digo compróbase cun simple exemplo: cando lemos en Marcial o epigrama 38 do libro I, a gracia está nesa agudeza de dicir tanto en só dous versos, nun simple elexiaco:

*Quem recitas meus est, o Fidentine, libellus:  
sed male cum recitas, incipit esse tuus.*

Cabanillas alégao un pouco, con catro versos, e suple a gracia da métrica cuantitativa polo engado da rima, desta maneira exemplar:

*O libro que estás lendo, Fidentino,  
ese libriño... é meu;  
si ben o lés de xeito tan indino  
que comenza a ser teu.*

Teríamos que falar moito para sinalar a bondade das traduccions de Cabanillas, pero penso que algúns exemplos poden amosala. Aí vai outro interesante, sempre de Marcial, á espera desa traducción completa que deixou Amable Veigas para a colección «Clásicos en galego», que aínda non chegou ás miñas mans; neste caso tamén, a un dístico elexiaco do poeta latino, responde Cabanillas con catro versos, pero con outro esquema métrico, agora catro octosílabos: o epigrama é o 3 do libro VII:

*Cur non mitto meos tibi, Pontiliane, libellos?  
Ne mihi tu mittas, Pontiliane, tuos.  
Pontiliano, o porqué*

<sup>8</sup> «Notas inéditas de Ramón Cabanillas», *Grial* 54 (1976) 497-505, con versións de poemas de Villon, Baudelaire, *Mahabarata*, Ronsard, Pascal Bonetti, Jean Cocteau, etc.

*meu libro non recibiche  
é porque tremo, abofé,  
me mandes o que escribiche.*

Non sei se vale para algo chorar aquí un pouco e dicirlles ós editores galegos que hai que dedicarlle máis atención ó labor de traducción, dende logo non do castelán nin do portugués, que non nos fan falta ós galegofalantes, senón doutras linguas máis lonxanas. Pero esas traduccions teñen que ser boas. Non son eu partidario de ler poesía en versións, pero pensemos por un momento nunha persoa que, por non saber francés, cousa cada día máis corrente, lese esta traducción da famosa oda «Mignonne, allons voir si la rose» de Pierre Ronsard:

*Vamos a ver, amada, si la rosa  
que esta mañana había desceñido  
su veste al sol, de púrpura brillante,  
ha perdido con el atardecer  
los pliegues de su manto esplendoroso  
y su color al tuyo parecido...*

A versión é boa, e débese a un bon traductor, José María Valverde<sup>9</sup>, pero o sentido poético do orixinal non se atopa por ningures. Non resiste a comparación cos versos galegos que do mesmo poema francés sacou un gran poeta noso, Ramón Cabanillas:

*Ei, rapaciña! Imos mirar si a rosa  
que do sol á raiola lumiosa  
esta lucida mañán  
o seu roxo vestido  
ufana e leda abreu  
ó chegar o serán  
non perdéu o corido  
tan semellante ó teu.*

*Ai, rapaciña! ¡Olla que tristura!  
De sócato perdéu a galanura!  
¡Ratña da beleza,  
veu a veste caída  
e desfollouse a fror!  
¡Madrasta é Natureza  
ó lle non dar mais vida  
que do abrente ó solpor!<sup>10</sup>*

<sup>9</sup> Collina da *Historia de la literatura universal*, Barcelona, Planeta, (1984), vol. IV, p. 573.

<sup>10</sup> Publicado en «Notas inéditas de Ramón Cabanillas», *Grial* 54 (1976), p. 500.



UNA REVISTA PARA PROMOCIONAR LA CULTURA

Director:

Emilio García Ranz

Núm. 154 \* Abril de 2.000 \* Dep. Legal: LE-633/1984

PUBLICACION TRIMESTRAL

Aparece los meses de Enero, Abril, Julio y Octubre

Edita:



Grupo Cultural BEDUNIA

Entre los Rios, 10

24760-CASTROCALBON

León, España

Imprenta "La Valdería" = Entre los ríos,10.- Castrocalbón (León)